



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRECE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 56)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
(incorpórase ás once horas e dez minutos, durante o punto 8 da Orde do Día).

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trece de decembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA ONCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día once de decembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA PERSOAL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de vestiario para persoal da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV6R67QJDDR4VLU36HVVIJYR4E.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV6R6DICOA6T4SJS2FEVOP3EAA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV6R7WLNPN4ZZZPZ4NMX4JSQCQ.



Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6RYXJ7OBGYJD55YYUXERAT64.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6RY2TPFRFCTNPLWFWHM42TEA.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes da subministración de vestiario para persoal da Deputación de Lugo, cun prazo de entrega máximo de 45 días naturais:

Lote 1: vestiario de inverno para condutores.

Lote 2: vestiario de inverno para porteiros e porteiras.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, con pluralidade de criterios de acordo co establecido nos artigos 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, cumprindo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a ascende a 16.755,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 2.907,89 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 13.847,11 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

LOTE	TOTAL ORZAMENTO SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL ORZAMENTO CON IVE
LOTE I	4.446,28 €	933,72 €	5.380,00 €
LOTE II	9.400,83 €	1.974,17 €	11.375,00 €
TOTAL	13.847,11 €	2.907,89 €	16.755,00 €

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral, debendo, segundo a Disposición Adicional 3ª.2 da LCSP, quedar a adxudicación sometida a condición suspensiva. Dito gasto deberá aplicarse as aplicacións orzamentarias indicadas dos orzamentos do 2020, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, estando incluído no orzamento para o 2020, aprobado inicialmente polo Pleno do 5 de decembro de 2019, a cantidade indicada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE NAS OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 11 de decembro de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.



Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Informe xurídico- administrativo.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no Diario Oficial da Unión Europea.

Actas das mesas de contratación, reunidas en acto público, con datas 4 de outubro e 8 de novembro de 2019.

Resolución de Presidencia de data 20 de novembro de 2019, notificada o 21 de novembro, pola que se procedeu a requirir á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa, EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa o día 4 de decembro de 2019.

Lexislación Aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas.

Incoase expediente administrativo, coa finalidade de proceder á contratación do servizo de control de calidade na execución das obras e servizos da Deputación de Lugo:

Lote 1. Unidade de Proxectos: Control de Calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do Servizo de Vías e Obras e do Parque Móbil.

Lote 2. Vías e Obras: Control de calidade das obras e servizos dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras.

Lote 3. Parque Móbil: Control de calidade relativo ás prestacións necesarias para executar por administración desde o Servizo de Parque Móbil da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigos 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.



Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a. Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención de un resultado, distinto de unha obra ou unha subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato licitouse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

O presente contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, dado que o valor estimado supera os 100.000 euros.

Está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 4 de outubro de 2019, deuse conta que os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, aos tres lotes, foron os seguintes:

APPLUS NORCONTROL, S.L.U.

EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.

INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO, S.L.

TPF GETINSA-EUROESTUDIOS, S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa respectiva proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre electrónico “A”, documentación administrativa, resultando que as empresas presentaron as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas. A Mesa de contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Procedeuse á apertura do sobre electrónico “B”, proposicións económicas e documentos relativos á oferta, distintos ao prezo, que se cuantifican de forma automática e a Mesa acordou:

Conceder trámite de audiencia á licitadora INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L. a fin de que xustifique a oferta económica en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa e precise as condicións da mesma, no prazo de dez días hábiles. Esta xustificación trasladarase ao Servizo de Vías e Obras para a súa validación, no seu caso.

Conceder ás licitadoras APPLUS NORCONTROL SLU e EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. o prazo de tres hábiles para subsanar deficiencias detectadas nos Anexos IV presentados para cada lote.

En canto documentación aportada para acreditar os criterios número 3, 4, 5 e 6, a Mesa acorda que a documentación será obxecto de comprobación polo Servizo de Vías e Obras, asistido, en caso de que sexa necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

Na sesión da Mesa de contratación celebrada o día 8 de novembro de 2019:

Deuse conta da xustificación de oferta económica e do informe do Servizo de Vías e Obras que conclúe que “considerase suficientemente xustificada a baixa temeraria presentada pola



empresa INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L. A Mesa acordou aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Deuse conta da subsanación do Anexo IV (criterio de adxudicación nº 2 da cláusula 12 do PCAP, fomento da contratación indefinida) das empresas APPLUS NORCONTROL SLU e EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L. A Mesa acordou aceptar ámbalas dúas subsanacións, por unanimidade dos presentes.

Deuse conta do informe do Servizo de Vías e Obras relativo ao criterio número 3 (disposición de licenciado/a en xeoloxía), criterio número 4 (disposición dun sistema de xestión de calidade conforme coa norma UNE-EN ISO 9001), criterio número 5 (disposición dun sistema de xestión ambiental conforme coa norma ISO 14001 ou etiqueta ecolabel), criterio número 6 (disposición dun sistema de xestión de seguridade e saúde no traballo conforme coa norma OSHAS 18001 ou norma ISO 45001) da cláusula 12 do PCAP, que conclúe o seguinte:

	APPLUS	INVECO	TPF GETINSA-EUROESTUDIOS	EPTISA
DISPOSICIÓN DUN LICENCIADO EN XEOLOXÍA CON 10 ANOS DE EXPERIENCIA	Acreditado	Acreditado	Según la vida laboral del Licenciado en Geología aportada, no se acredita que tenga 10 años de experiencia	Acreditado
DISPOSICIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE CALIDADE CONFORME COA NORMA UNE-EN ISO 9001	Acreditado	No acredita disponer de un sistema de gestión implantado a pesar de acreditar ser un laboratorio de ensayo conforme a la Norma ISO 17025. Tampoco lo acredita el certificado de la APEC de Lugo ya que las actividades que figuran son distintas al objeto del contrato (*)	Acreditado	Acreditado
DISPOSICIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL CONFORME COA NORMA ISO 14001 OU ETIQUETA ECOLABEL	Acreditado	Presenta certificado de una empresa externa que realiza para INVECO la gestión de residuos (LIMPERGAL). Esto no acredita que INVECO disponga de un sistema de gestión medioambiental implantado según Norma ISO 14001, ya que la certificación de LIMPERGAL sólo recoge la actividad de limpieza de edificios	Acreditado	Acreditado
DISPOSICIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO CONFORME COA NORMA OSHAS 18001 OU NORMA ISO 45001	No acredita la conformidad con la Norma OSHAS 18001 ni la ISO 45001	Presenta documento de la APEC de Lugo conforme está adherido a su Servicio de Prevención Mancomunado, no acreditándose en ningún caso que la APEC de Lugo disponga de un sistema de gestión de seguridad y salud en el trabajo conforme a lo requerido	Acreditado	Acreditado

(*) Según el PCAP los licitadores han de acreditar la Inscripción del laboratorio en el Registro General de Entidades de control de calidad de la edificación. Puesto que el Decreto 149/2017, de 17 de octubre, de las entidades de control de calidad de la edificación y de los

laboratorios de ensayos para el control de calidad de la edificación establece como requisito tener implantado un sistema de gestión de la calidad de acuerdo con la norma UNE-EN ISO/IEC 17025, ha de entenderse la disponibilidad de la acreditación según la Norma ISO 17025 como un requisito para concurrir a la licitación y la disponibilidad de una certificación según la Norma UNE-EN ISO 9001 como una mejora a mayores.

A Mesa acordou asumir como propio o informe do Servizo de Vías e Obras.

En definitiva, as ofertas correspondentes aos criterios recollidos na cláusula 12ª do PCAP, todos eles avaliados automaticamente, son:

Lote 1

				OFERTA		
LICITADORES	1 OFERTA EC	2 INDEF	3 XEOLOX	4 CALIDAD	5 PROT AMB	6 SEGURID
APPLUS NORCONTROL SLU	5,50%	62,10%	SI	SI	SI	NO
INVECO SL	30%	92%	SI	NO	NO	NO
EPTISA SL	25%	75,39%	SI	SI	SI	SI
TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	25%	82,53%	NO	SI	SI	SI
Puntuación máxima – criterio	45	15	10	10	10	10

Lote 2

				OFERTA		
LICITADORES	1 OFERTA EC	2 INDEF	3 XEOLOX	4 CALIDAD	5 PROT AMB	6 SEGURID
APPLUS NORCONTROL SLU	5,50%	62,10%	SI	SI	SI	NO
INVECO SL	35%	92%	SI	NO	NO	NO
EPTISA SL	35%	75,39%	SI	SI	SI	SI
TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	25%	82,53%	NO	SI	SI	SI
Puntuación máxima – criterio	45	15	10	10	10	10

Lote 3

				OFERTA		
LICITADORES	1 OFERTA EC	2 INDEF	3 XEOLOX	4 CALIDAD	5 PROT AMB	6 SEGURID
APPLUS NORCONTROL SLU	5,50%	62,10%	SI	SI	SI	NO
INVECO SL	35%	92%	SI	NO	NO	NO
EPTISA SL	25%	75,39%	SI	SI	SI	SI
TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	10%	82,53%	NO	SI	SI	SI
Puntuación máxima – criterio	45	15	10	10	10	10



Da suma das puntuacións acadadas polos licitadores nos criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas recollidos na cláusula 12ª do PCAP, obtivéronse os seguintes resultados:

PUNTUACION LOTE 1

LICITADORES	1 OFERTA ECONÓMICA	2 CONT. INDEF.	3 LDO. XEOLOX	4 CALIDADE	5 PROTAMB	6 SEGURIDADE	PUNTUACION TOTAL
APPLUS NORCONTROL SLU	8,25	10,13	10,00	10,00	10,00	-	48,38
INVECO SL	45,00	15,00	10,00	-	-	-	70,00
EPTISA SL	37,50	12,29	10,00	10,00	10,00	10,00	89,79
TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	37,50	13,46	-	10,00	10,00	10,00	80,96

PUNTUACION LOTE 2

LICITADORES	1 OFERTA ECONÓMICA	2 CONT INDEF	3 LDO. XEOLOX	4 CALIDADE	5 PROT AMB	6 SEGURIDADE	PUNTUACION TOTAL
APPLUS NORCONTROL SLU	7,07	10,13	10,00	10,00	10,00	-	47,20
INVECO SL	45,00	15,00	10,00	-	-	-	70,00
EPTISA SL	45,00	12,29	10,00	10,00	10,00	10,00	97,29
TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	32,14	13,46	-	10,00	10,00	10,00	75,60

PUNTUACION LOTE 3

LICITADORES	1 OFERTA ECONÓMICA	2 CONT INDEF	3 LDO. XEOLOX	4 CALIDADE	5 PROT AMB	6 SEGURIDADE	PUNTUACION TOTAL
APPLUS NORCONTROL SLU	7,07	10,13	10,00	10,00	10,00	-	47,20
INVECO SL	45,00	15,00	10,00	-	-	-	70,00
EPTISA SL	32,14	12,29	10,00	10,00	10,00	10,00	84,43
TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	12,86	13,46	-	10,00	10,00	10,00	56,32

A Mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1. Unidade De Proxectos: Control De Calidade Das Obras E Actuacións Da Deputación De Lugo, A Excepción Das Dependentes Do Servizo De Vías E Obras E Do Parque Móbil.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EPTISA SL	89,79
2	TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	80,96
3	INVECO SL	70,00
4	APPLUS NORCONTROL SLU	48,38

Lote 2. Vías E Obras: Control de calidade das obras e servizos dirixidos desde o Servizo De Vías E Obras.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EPTISA SL	97,29
2	TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	75,60
3	INVECO SL	70,00
4	APPLUS NORCONTROL SLU	47,20

Lote 3. Parque Móbil: Control de calidade relativo ás prestacións necesarias para executar por administración desde o servizo de Parque Móbil Da Deputación De Lugo.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EPTISA SL	84,43
2	INVECO SL	70,00
3	TPF GETINSA EUROESTUDIOS SL	56,32
4	APPLUS NORCONTROL SLU	47,20

Requirir, para os lotes 1, 2 e 3, á empresa EPTISA S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 20 de novembro de 2019, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. O día 21 de novembro de 2019, notificouse o requirimento á empresa. A empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. presentou o 4 de decembro de 2019 a documentación solicitada, en tempo e forma.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas



Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., a contratación dos lotes 1, 2 e 3 do servizo de control de calidade nas obras e servizos da Deputación de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo de control de calidade nas obras e servizos da Deputación de Lugo (lotes 1, 2 e 3) polo prazo de un ano e polos seguintes importes máximos, que se poderán incrementar nun 20% atendendo ás necesidades da administración contratante:

Lote 1. Unidade de Proxectos: 73.514,19 euros máis 15.437,98 euros de IVE (21%), total: 88.952,17 euros, IVE incluído.

Lote 2. Vías e Obras: 110.601,00 euros máis 23.226,21 euros de IVE (21%), total: 133.827,21 euros, IVE incluído.

Lote 3. Parque Móbil: 9.226,86 euros máis 1.937,64 de IVE (21%), total: 11.164,50 euros, IVE incluído.

Total: 193.342,05 euros máis 40.601,83 de IVE (21%), total: 233.943,88 euros, IVE incluído.

Os prezos unitarios que rexerán a contratación serán os recollidos no prego de prescricións técnicas aplicándolles a baixa ofertada pola empresa para cada lote:

Lote 1. Unidade de Proxectos: 25%.

Lote 2. Vías e Obras: 35%.

Lote 3. Parque Móbil: 25%.

Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración, en xaneiro de 2020, a distribución por lotes é a seguinte:

Anualidade 2020.

LOTES	IMPORTES (IVE INCLÚIDO)	APLICACIÓNS
LOTE 1. UNIDADE DE PROXECTOS	88.952,17 euros	9200.22706
LOTE 2. VÍAS E OBRAS	133.827,21 euros	4500.22706
LOTE 3. PARQUE MÓBIL	11.164,50 euros	9201.22706

A cantidade de 233.943,88 euros, que se executará no exercicio 2020, queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estando incluída nos orzamentos de 2020, aprobados inicialmente polo Pleno do 5 de decembro de 2019, nas aplicacións indicadas.

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral, debendo, segundo a Disposición Adicional 3ª da LCSP quedar a adxudicación sometida a condición suspensiva.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.3 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de un ano, prorrogable por outro, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en



documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial á Fundación educativa Torre de Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma do patio interior”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Fundación Educativa Torre De Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma do patio interior”, polo importe de 22.502,82 €, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 11.251,41 €, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.2 – Educación, ciencia e tecnoloxía, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico camiñar cara a sociedade do coñecemento, a través da educación e a formación en todas as súas vertentes, e promovendo a ciencia e a tecnoloxía como piares fundamentais que contribuirán ao desenvolvemento do territorio e da poboación.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar ao centro de ensino Fundación Educativa Torre de Lemos dunhas instalacións adecuadas e adaptadas á lexislación vixente, onde os alumnos poidan desenvolver as actividades educativas en condicións adecuadas e óptimas, tanto dende o punto de vista da educación, como da seguridade. En resume, trátase de mellorar as infraestruturas adicadas á educación, na localidade de Monforte de Lemos, contribuíndo así a mellorar as condicións para que a poboación máis xove, especialmente a das zonas rurais, poida dispoñer de infraestruturas e medios educativos en igualdade de condicións cos das grandes cidades; e convertindo así á educación no instrumento que vai contribuír á transformación económica e social do territorio, e que vai redundar no desenvolvemento provincial, no seu conxunto.



Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 22502,82 € a favor da entidade Fundación Educativa Torre de Lemos, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma do patio interior”, subvención incluída na Liña 1.2 - Educación, ciencia e tecnoloxía, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 22502,820 € con cargo á aplicación orzamentaria 3230.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Fundación Educativa Torre de Lemos, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma do patio interior”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre o concello de Castroverde e esta Deputación para implantar e executar un sistema de prestacións de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (centro residencial e centro de día). Acción colaborativa bilateral e horizontal (público- público) Deputación de Lugo- Concello de Castroverde.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Sobre os antecedentes

Acordo plenario dispoñible de 26 de outubro de 2010, en cuxo “corpus”, faculta a Presidencia da Deputación para a sinatura con cada concello dos distintos convenios particulares de colaboración en que se establecerán as condicións propias e características técnicas individualizadas, en relación cos centros de atención a persoas maiores.

Informe da Secretaría Xeral de data 21 de outubro de 2010, que nas súas consideracións acerca da encomenda de xestión de Centros de atención a maiores, entre outras afirmacións, precisa:

(...)

“La encomienda no supone cambio de la titularidad de la competencia.

El control y dirección del servicio mantiene en manos de la Diputación Provincial, quien podrá intervenir cuando lo crea oportuno.

La entidad encomendada independientemente de que posea personalidad jurídica o no, actuará bajo supervisión y control de la Diputación Provincial. La entidad no tiene derechos contra la Diputación Provincial, pues sino sería un contrato.

(....).

Informe da Intervención Provincial de data 18 de outubro, que limitaba inicialmente a encomenda a un investimento non superior a 12 millóns de euros.

Deputación e concellos asinaron distintos convenios de colaboración, fundamentalmente no ano 2011.

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 9 de marzo de 2018, adoptou en execución de tutela administrativa sobre o ente instrumental, un acordo no que, entre outras decisións se declara a perda de condición de medio propio de SUPLUSA respecto da Deputación Provincial de Lugo para a prestación de servizos sociais.



A Xunta de Goberno, en sesión do 1 de xuño de 2018, tomou razón do informe de intervención en relación a Suplusa que se encargara en sesión da Xunta de Goberno de 9 de marzo de 2018; en particular precisando os requisitos para recuperar a condición de medio propio.

A Xunta de Goberno en sesión de 15/06/2018, deuse por enterada da Sentencia da Audiencia Provincial 242/2017, que anula unha das modificacións estatutarias de SUPLUSA.

En sesión da Xunta de Goberno de 22/06/2018, deuse conta do informe rendido pola UDC, respecto do réxime xurídico de SUPLUSA.

En Xunta de Goberno, sesión que tivo lugar o 27 de xuño de 2018, resolveuse sobre a situación xurídica de Suplusa, constatando o incumprimento dos requisitos para ser medio propio.

O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de setembro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primeiro.- Acordar a disolución da sociedade e realización de todos aqueles trámites que resulten necesarios para lograr a total extinción da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. ata a súa sucesión universal pola Deputación Provincial de Lugo, na súa condición de socio único daquela (...)”.

O convenio marco foi aprobado polo Concello-Pleno de Castroverde na data de 13 de novembro de 2019, para implantar e executar un sistema de servizos en centros de atención a persoas maiores.

Incorpóranse ao expediente as resolucións de autorización de inicio de actividades de centro de servizos sociais e centro de día de Castroverde a nome de SUPLUSA e a solicitude de cambio de titularidade formulada na Deputación.

Das consideracións sociais

O envellecemento progresivo da poboación está a ter unha forte incidencia en Galicia, e por ende, tamén, e moi especialmente na provincia de Lugo e nos municipios adheridos a este sistema de prestación de servizos sociais nun marco público e cooperativo entre Concellos e Deputación.

As causas deste envellecemento poboacional son fundamentalmente: a redución progresiva da natalidade (no momento actual por debaixo do recambio xeracional), o incremento da esperanza de vida derivada das melloras socioeconómicas e sanitarias.

Outro dos factores a ter en conta é o incremento da idade dentro do propio colectivo de maiores, o que se denomina a “cuarta idade” que se refire a poboación maior de 80 anos. Esta tendencia do “envellecemento do envellecemento” continuará nos vindeiros anos tendo importantes repercusións, dada a previsible asociación entre o aumento da esperanza de vida e da incidencia real de discapacidade.

O proceso de envellecemento ou mais ben sobreenvellecemento da poboación comporta un importante reto para a nosa sociedade en xeral, e neste municipio se cabe, de maneira máis especial, converténdose na actualidade non só nun reto de futuro senón do presente. Con todo, e en oposición ao temor xeneralizado de que o envellecemento provocará a desestabilización do Estado de Benestar, débese converter nunha oportunidade. Non se pode esquecer que o alongamento da vida é un logro das sociedades desenvolvidas e como tal debe exporse. Os cambios demográficos que se están producindo na sociedade requiren dunha revisión das formulacións vixentes sociais, económicas e políticas.

Loxicamente, este envellecemento da poboación e sobreenvellecemento, vai acompañado dunha diminución da capacidade da autonomía persoal das persoas. Así as especiais necesidades das persoas maiores que padecen algún tipo de limitación non só física senón tamén socioeconómica fan que, en moitas ocasións, a permanencia no seu domicilio familiar cunha calidade de atención óptima non sexa factible. É por iso polo que é necesario habilitar equipamentos destinados a paliar estes déficits a través de apoios puntuais, continuos e/ou permanentes das persoas maiores que os poidan precisar.



É fundadamente previsible o aumento da dependencia, en todos os seus grados, unido ó debilitamento da capacidade de atención polas redes de soporte familiar, que ata a data segue a ser o principal provedor de coidados, como consecuencia dos cambios socio- demográficos, o acceso xeneralizado da muller ao mundo laboral e os cambios na estrutura familiar.

Estes factores están a orixinar un forte descenso do número de coidadores potenciais, feito de gran transcendencia para a reformulación dos servizos e prestacións sociais existentes.

A atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida, non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto.

Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores de poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles.

Non se pode esquecer que a exclusión social é un dos problemas que afecta ao grupo de persoas mais envellecidas. As variables que aumentan a posibilidade de exclusión veñen determinadas por factores como son, por exemplo, a idade, o sexo ou as características persoais ou sanitarias. Neste sentido, a poboación mais envellecida convértese nun grupo con alto risco de padecer exclusión social. A inequidad que sofre a poboación de 65 e máis anos maniféstase primordialmente polas desigualdades derivadas da distribución dos ingresos e do acceso aos recursos, variables que se acentúan nas zonas de carácter rural, sendo o presente Concello un deles.

O deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida, ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral, ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación das administracións públicas, e especialmente das administracións máis próximas: Deputacións e Concellos. Neste sentido a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no seu preámbulo di “...os poderes públicos non son

observadores neutrais nin se limitan a paliar as consecuencias das situacións iniciais que afecten á cidadanía, especialmente as que o fan de maneira selectiva e continuada no tempo. Ben ao contrario, os poderes públicos están obrigados a actuar positivamente a favor das e dos que quedan ou están en risco de quedaren á marxe da sociedade e a crear as condicións para que todas as persoas gocen dunha real igualdade de oportunidades...”

Neste senso manifestouse o Instituto de Maiores e Servizos Sociais, IMSERSO, a través do Marco de actuación para as Persoas Maiores elaborado, no ano 2015, o cal tiña por obxectivo de recoller nun único texto as liñas de actuación que orientasen as políticas públicas, presentes e futuras, cara ás persoas maiores, as cales tiñan que estar dirixidas a promover o envellecemento activo e a solidariedade entre xeracións, etc., recollendo no citado texto, entre outras medidas e propostas: a necesidade de aumentar os recursos destinados aos coidadores de persoas maiores, mediante a creación de dispositivos, programas de respiro familiar ou centros especializados, sinalando que os servizos ou unidades de xeriatria son moi escasos no noso país e de aí a necesidade de fomentar o desenvolvemento de recursos asistenciais específicos; procurar que a atención de xeriatria inclúase como medida no catálogo de prestacións asistenciais; así mesmo, no documento maniféstase a necesidade de promocionar fórmulas e opcións non residenciais e residenciais diversificadas, que faciliten que as persoas maiores poidan envellecer na contorna onde viviron e impulsar a creación de centros de día e residencias para persoas maiores, non masificadas, con formas de convivencia flexible.

Neste escenario, nomeadamente no rural galego, faise necesario, en consecuencia, habilitar centros de atención a persoas maiores, onde as persoas que poidan necesitar de coidados ou apoio para as actividades da súa vida diaria nos diferentes grados, poidan recibilos, sen ter que renunciar a súa comunidade, contorno e familia.

	Poboación total	Poboación Maiores de 65 anos	% de Poboación maiores de 65 anos.
Galicia	2698875	679730	25,18%
Lugo (provincia)	329469	95993	29,13%
Castroverde	2675	933	34,87%

Fonte: Instituto Galego de Estadística. IGE (01.01.2019)



A necesidade é palmaria e con crecemento futuro; ademais o sistema prevé un sistema de priorización por razón de proximidade de modo que accedan aos centros ás persoas veciñas do municipio sede e logo os dos municipios limítrofes (bisbarra) e, se non se cobren as prazas da Provincia, nun sistema sucesivo e preferencial.

Este modelo respecta a persoa, a súa traxectoria de vida, dando unha resposta ao problema do envellecemento poboacional, a través dunha oportunidade local, coñecido como Economía Plateada, onde o envellecemento se percibe positivamente, como oportunidade de desenvolvemento económico a distintos niveis. Neste modelo considéranse os gastos asociados a este proceso como investimentos e non como custes da senitude; así, se entende o envellecemento en toda Europa, ao estimar que no ano 2050 o 30% da poboación superará os 65 anos, sendo a provincia de Lugo un dos territorios con mais sobreenvellecemento.

Unha das medidas mais necesarias, é volver a crear unha economía circular nas zonas rurais. Temos polo tanto unha oportunidade para facelo: a través dos servizos sociais para persoas maiores, isto é, os centros de maiores como oportunidades do cambio demográfico, como eixe do desenvolvemento estratéxico territorial. A posta en marcha de centros para as persoas maiores nas zonas rurais, permitirán, alende de que estas se queden na súa contorna, que xente nova busque traballo na zona de actuación, que poderán optar por establecer o seu domicilio nese territorio, formando fogares, e polo tanto fixando, previsiblemente, poboación. Agárdase que co paso do tempo broten novos nichos de familias, que desenvolveran a súa vida neses núcleos facendo que os futuros cativos volvan a encher as escolas, realicen a cesta da compra nos establecementos locais, etc.

Aspectos económicos

Efectuáronse diversas pescudas e análise da información dispoñible a fin de formular unha estimación de referencia dos custos por praza para os centros de atención ás persoas maiores (residencias e centros de día).

Outra variable que se analiza é a capacidade económica estimada en cada un dos Concellos incorporados, inicialmente, a este convenio marco, así como a pensión media en cada un deles.

O proxecto a implantar, no seu deseño, aínda que non for obrigado, respecta e pretende mellorar as condicións fixadas no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas maiores, ampliando a porcentaxe considerada como mínimo vital das persoas usuarias.

Os prezos a pagar polos servizos recibidos na rede pública cumpren as premisas de ser acordes a capacidade económica das persoas, progresivos e mesmo redistributivos garantindo un mínimo vital para uso autónomo de cada persoa usuaria, como un recoñecemento inquebrantable a súa dignidade e ao seu libre desenvolvemento.

A tramitación das normas de acceso aos centros e do réxime de prezos é pública, transparente e participativa.

Anéxase a información económica dispoñible.

A prioridade do goberno son as persoas. Desde este sistema os maiores da provincia non se verán desamparados e terán ao seu carón profesionais cualificados, nunha rede pública, solidaria e economicamente sostible.

Estamos ante unha aposta polos servizos sociais, o municipalismo, a proximidade, a dignidade das persoas e solidariedade cos que o necesiten, maiores de 65 anos; e, con todo, eficiente e sostible. O financiamento da prestación a persoas maiores no centro de día e no centro residencial de Castroverde é asumible porque en catro anos pode rondar o importe de 1.209.600 euros, nos primeiros cálculos e estimacións.

En concreto, atendendo á cláusula sexta do Convenio Marco, cunha previsión de ocupación do 100% e para un prazo de un ano, a razón de 30 prazas de residencia e 24 de centro de día, resulta un custo anual (600,00 euros/praza/mes en residencia e de 300,00 euros/praza/mes en centro de día) de 302.400 euros, a asumir polo ente provincial, cunha previsión extremadamente prudente en canto a capacidade económica dos usuarios.



Nos orzamentos de 2020, aprobados inicialmente o 5 de decembro pasado, se recollen dúas partidas para a posta en marcha do CAM de Castroverde: Por unha banda, 80.000 euros de investimento para equipamento e, por outra, 820.685,31 euros para a implantación deste modelo de xestión compartida, importe suficiente para cubrir o gasto desde a data prevista de inicio das prestacións no centro, tendo en conta os trámites pendentes, como é a aprobación do convenio específico e licitación da contratación da prestación dos servizos, etc.

Esta decisión tamén fomenta o emprego, nunha economía circular, no sentido de que se xera emprego estable, fíxase poboación no rural, aténdense aos maiores cunhas prestacións baseadas na calidade e dinamízase a economía rural, nun escenario de facer efectivos e palpables os mandatos da Lei 45/2007, do 13 de decembre, para o desenvolvemento sostible do medio rural (artigos 22, 23 e concordantes).

En fin, esta acción de gobernanza, cunha aposta polo social, enmárcase na estratexia Europa 2020, establecida na Comunicación da Comisión de 3 de marzo de 2010, co horizonte de un crecemento intelixente, sostible e integrador.

Marco normativo de aplicación: Títulos competenciais e relación interadministrativa.

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia

os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

A Deputación provincial en colaboración con distintos Concellos da Provincia acometeu un ambicioso proxecto de construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en residencias e centros de día, que no caso de Castroverde está rematado.

Os permisos de construción/ creación do centro, tanto para centro de día como centro de persoas residencial, foron outorgados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, en sendas resolucións de 8 de xaneiro de 2018.

Existe unha necesidade efectiva, con crecemento exponencial, destes equipamentos e dos servizos de atención social que desde eles se prestan, atendendo tanto a idade avanzada da poboación lucense, singularmente no medio rural, como a dispersión xeográfica, á que desde o poder público local se lle vai dar resposta.

A administración local luguesa salienta, entre os principios xerais do sistema galego de servizos sociais, a equidade e o equilibrio territorial, de modo que no desenvolvemento da rede de centros e servizos se compensen e movan os desequilibrios e debilidades xeográficas; se garanta o acceso ao sistema das galegas e galegos que residan en áreas sociais con altas taxas de envellecemento e dispersión, mediante unha oferta equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio, fornecendo criterios de acceso homoxéneos por razóns de situación biopsicosocial e por razóns de proximidade ao recurso, nomeadamente priorizando a residencia no municipio e na bisbarra correspondente.



O sistema prioriza a calidade e proximidade como unha das súas fortalezas, mantendo aos maiores no seu entorno vital e coñecido, como factor cualitativo e cohesionador: os nosos maiores envellecerán onde viviron en centros e residencias non masificadas, con formas de convivencia flexible.

A sistemática a implantar basease no respecto a autonomía municipal e o papel cooperativo, coordinador e de asistencia das deputación, e garantirá o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade, fornecendo a cláusula do estado social.

Propúgnase unha xestión dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade nas atencións aos usuarios, cunha financiación sostible acorde a capacidade económica dos usuarios, progresiva e redistributiva.

O sistema fai real e tanxible, a través das administracións locais (concellos e provincia) a cláusula propia do Estado Social ou do Benestar que obriga aos poderes públicos a remover os obstáculos que impidan ou dificulten a liberdade e igualdade real e efectiva das persoas maiores, promovendo a súa participación nos nodos de vida social, cultural, económica, etc., preservando en todo momento a súa dignidade persoal.

Distintos convenios de colaboración asináronse entre a Deputación e os Concellos; en concreto os seguintes:

Convenios para construción de centros (Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita, Pol, Ribas do Sil, Trabada, Navia de Suarna, Meira, Guitiriz) e convenios para o financiamento da construción destes centros (caso Concello de Ribadeo), asinados con anterioridade á entrada en vixencia da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Outros Convenios, para construción, como os de Becerreá, a Pontenova, Pobra do Brollón, Folgoso de Caurel, Portomarín, Guitiriz (con extinción do anterior), tramitáronse e aprobáronse vixente a Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Os anteriores á Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP) deben necesariamente acomodarse ao réxime xurídico dos convenios interadministrativos previsto con amplitude na citada norma, capítulo VI (artigos 47 e seguintes), en cumprimento da Disposición Adicional oitava (“Tódolos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta Lei”).

Neste sentido, os convenios marco asinados (Pol, Trabada, A Fonsagrada, Ribas de Sil, Pedrafita...) e nalgúns casos específicos (Trabada, Pol, A Fonsagrada), foron substituíndo (no caso de convenios específicos extinguindo), aqueles convenios asinados no 2011. O mesmo sucedeu con Guitiriz e así ocorre neste caso, do Concello de Castroverde.

Unha vez rematada a construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Centro residencial e centro de día de Castroverde), cómpre fixar os alicerces administrativos e financeiros, sostibles no tempo, para o seu funcionamento nun horizonte de meses e, en todo caso, antes de rematar este ano 2019, tal e como por outra parte se indica no protocolo xeral de impulso subscrito pola representación de ambas entidades locais.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais. No asunto desta proposta, a lexislación autonómica de servizos sociais.



Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Na mesma liña, a disposición adicional cuarta desa Lei 5/2014, en canto a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, ao precisar que continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (en diante LSSG), establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da

LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da lei galega de servizos sociais que, a súa vez, promove a colaboración interadministrativa, entre outras actividades ou accións, para a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no Art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos, como o aseguramento dunha prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

O artigo 118. letra e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da Provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos .

O propio artigo 30.6 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a subscripción de convenios que neste caso canalizan a cooperación económica e técnica (art. 30.1 letra a do citado TRRL) e de asistencia e coordinación para homoxeneizar prestacións e mecanismos de economía de escala.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados a) b) e d) as seguintes:

A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refíre o apartado a) do número 2 do artigo 31.



- A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (....).

- A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (art. 36.1 d).

Ademais, en aplicación do Artigo 36.2 letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles llas encomenden”, xunto cos mecanismos de eventual contratación conxunta previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro (en adiante LCSP/2017).

A LALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b) “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

Os artigos 114 e 115 da LALG prevén, respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e, para mais abastanza, a Xunta de Galicia (art. 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis,

introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos. Na estrutura deseñada este convenio, cos específicos con cada Concello, mostrase como operativo e eficaz.

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público- público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico- administrativo a tomar como referencia, con fundamento no dereito comunitario, Artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello. Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación podan cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no Artigo 6,1 da mesma Lei de contratos do sector público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público e sen vocación de mercado).

O Decreto 99/2012, establece a caracterización de áreas sociais para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios. Sen prexuízo do desenvolvemento do título IV da LSSG, a planificación da rede de servizos sociais comunitarios básicos do sistema galego de servizos sociais terá en conta o expresado na citada norma regulamentaria. As áreas para



a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios definidas parten en todo caso dos concellos como unidade básica de prestación dos servizos, clasificándoos e agrupándoos de acordo con demarcacións caracterizadas por criterios poboacionais, sociais e xeográficos.

A tipoloxía das áreas establececese atendendo ás características que presentan, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica, así como, índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. Deste xeito as áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios clasifícanse nos seguintes tipos: áreas urbanas; áreas metropolitanas; áreas semiurbanas; áreas rurais; e áreas rurais de alta dispersión.

Factores que se teñen en consideración no convenio marco aprobado polo Concello de Castroverde e que debe aprobar, en tanto que relación bilateral, esta Deputación.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter- administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio inter-administrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que “deberán incluír, polo menos:

- Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

- A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

- O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

- Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.



-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

-Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”

A maior abastanza do previsto na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, a cooperación coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

As técnicas de cooperación previstas no artigo 144, da LRXSP, aluden entre outros aspectos, a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións, aplicables ás actuacións patrimoniais, consonte coa lexislación patrimonial (artigos 183 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, en relación coa Disposición Adicional segunda da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma, en canto ás disposicións tamén aplicables ás Entidades Locais).

Estas técnicas de cooperación formalízanse mediante convenio interadministrativo (Art. 144.2 da LRXSP), canle dunha acción colaborativa prestacional, sen necesidade de crear personificacións xurídicas e sen custes fixos ou xerais (cando menos con menos custes), no marco dunha asignación eficaz de recursos públicos existentes.

O concello de Castroverde exerce competencias, consonte ao establecido na normativa citada de réxime local e, nomeadamente na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Deputación de Lugo ten como título competencial propio o de cooperación e colaboración cos concellos da Provincia no desenvolvemento das súas competencias, xunto coa coordinación para garantir a homoxeneidade e procurar a integridade territorial da prestación daqueles servizos que financia, cos que coopera no fin e colabora no logro.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (Concello de Castroverde) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A administración municipal e a provincial teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (art. 30 do TRLRL, art. 143 LRXSP, 31 LCSP, entre outros).

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta dos medios dispoñibles existentes e dos servizos públicos, encadrándose no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

Esta técnica cooperativa, enmarcada nas relacións interadministrativas das administración locais da Provincia de Lugo, formalízase en convenios, sen necesidade de crear novas estruturas burocráticas, nun escenario de xestión eficiente dos recursos públicos limitados, superando o



illamento das formalidades, e poñendo en valor os recursos e coñecementos existentes, sen importar tanto a persoa xurídica que ostente a súa titularidade. Resultan máis relevantes os resultados e os fins. Esta sistema cooperativo (acción colaborativa prestacional) é mais atinado, se cabe, nas relacións entre administración provincial e o concello de Castroverde dado o “rol” fundamentalmente cooperativo e de respecto a autonomía municipal asignado a este goberno intermedio. Enmarcase na ringleira da mellora no uso e xestión dos recursos públicos para cumprir co mandato do Art. 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

A técnica cooperativa, sen mingua da homoxeneización en aras da igualdade básica na prestación e recepción de servizos sociais, refórzase nas ultimas reformas legais, tanto na Lei de racionalización e sostibilidade da administración local (Lei 27/2013, do 27 de decembro), como na propia Lei do réxime xurídico do sector público (Lei 40/2015, do 1 de outubro) e mesmo a Lexislación sectorial autonómica de servizos sociais.

A propia Deputación ten feito uso desta técnica de cooperación no ámbito dos servizos sociais, a través da Teleasistencia, mostrándose como un medio para optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos minimizando gastos e optimizando a utilización dos recursos existentes: mostra tanxible da realización dos principios de economía, eficacia e eficiencia.

A función de coordinación que lle corresponde á Deputación Provincial, xunto coa aplicación do principio de igualdade material, discriminando positivamente ás persoas e habitantes dos municipios con rendas “*per capita*” mais baixas e aos municipios con menos recursos aconsella que a Deputación realice un esforzo financeiro adicional para os centros de atención a persoas maiores situadas en Concellos de menor poboación. Este é o caso do Concello de Castroverde que se irá precisando no desenvolvemento deste convenio marco.

Sobre o contido do Convenio.

Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio de cooperación é:

Fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores do concello de Castroverde.

Implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social. Deste xeito darase prioridade para o acceso aos residentes nos concellos, despois aos da bisbarra á que pertencen, e posteriormente aos da provincia

Establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polos usuarios.

Obxectivos e fins do sistema de cooperación.

O convenio baséase no principio xeral de cooperación interadministrativa, para coordinar e valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais de:

Prestar de forma eficaz e eficiente un servizo público de carácter social, comunitario específico, en centros de atención a persoas maiores.

Garantir unha dirección e coordinación pública (Concello e Deputación) na prestación destes servizos e un sistema de inspección pública permanente.

Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade.

Fixar un sistema de prezos públicos acorde a capacidade económica dos usuarios, con cobertura pública (Deputación e Concello) para aquelas persoas con menos recursos e de maneira proporcional aos respectivos recursos económicos.



Minorar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada ao abeiro dos novos instrumentos da LCSP/2017.

Ámbito territorial.

O ámbito territorial de prestación dos servizos en centros de atención a maiores será o municipal e provincial, en función do municipio sé do centro (Concello de Castroverde) e da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica para o acceso a estes establecementos.

Prestación do servizo.

Os servizos prestaranse directamente pola Deputación de Lugo e o concello de Castroverde, que exercerán tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación á gobernanza e á función pública, sen que o risco da prestación do servizo sexa asumido por empresas privadas ou entidades de titularidade pública pero suxeitas ao dereito privado.

En ningún caso se poderán celebrar contratos que supoñan xestión indirecta, como o contrato de concesión de obras ou de servizos.

As partes neste convenio marco manifestan, a vontade compartida, de defender a xestión pública directa, se ben constatan as dificultades legais para recrutar recursos humanos de carácter estable e estrutural dadas as limitacións fixadas na lexislación orzamentaria e de emprego público, de modo que este sistema de prestación se mostra como máis acaído dentro do marco legal e o novo réxime xurídico do sector público.

Como consecuencia das dificultades legais para contratar persoal por parte das administracións públicas, as tarefas de carácter material e técnico necesarias para a prestación real do servizo poderanse prestar mediante contratos administrativos de subministros e servizos nos termos dos artigos 16 e 298 e seguintes (contrato de subministro); 15,308 e seguintes e nomeadamente o artigo 312 da LCSP/2017, en tanto se ocupa das especialidades dos contratos de

servizos que conlevaran prestacións directas a favor da cidadanía.

A Deputación actuará como órgano de contratación en virtude deste convenio e do marco legal fixado no artigo 31 da LCSP/2017, e concordantes exclusivamente para contratos de servizos e de ser necesario de subministracións.

Obrigas e compromisos das partes.

Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula “sexta”.

- Impulsar un equipo técnico especializado en servizos sociais, responsable da calidade, integridade e transparencia das prestacións; así como, un grupo de mantemento especializado nos equipamentos residenciais.

- Garantir a intervención e control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores e das prestacións que se realicen, mediante instrumentos colexiados de selección paritarios nos que intervirá directa e inmediateamente o Concello sede, a Deputación Provincial, cunha composición ao 50% por cada parte.

Incorporar como anexo ao convenio específico con cada Concello (Castroverde) a documentación tramitada e aprobada por cada Concello, conforme ao Artigo 97 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL) ou ben por aqueles procedementos que cada Concello considera axustados ao ordenamento xurídico, a fin de determinar o réxime xurídico e a forma de xestión directa deste servizo público con prestacións ás persoas, coa posibilidade de prestacións materiais non reservadas á función pública, única e exclusivamente mediante contratos administrativos que non impliquen, en ningún caso, xestión indirecta.



Actuar como órgano de contratación para as prestación propias do servizo social comunitarios específico, en centros de atención a persoas maiores nos termos da cláusula cuarta, cumprindo coas determinacións da LCSP. Neste suposto co concello de Castroverde.

A estes efectos, licitará as prestacións imprescindibles para inicio do funcionamento dos centros, unha vez obtidos os permisos sectoriais da Comunidade autónoma necesarios para o inicio da actividade, no prazo máximo de dous meses desde que se reciban.

Porén, en casos de demoras inxustificadas por parte da Comunidade autónoma poderá efectuarse a licitación sometida a condición de que se obteñan as mesmas.

Destácase que o centro de atención a maiores de Castroverde, na modalidade de centro de día e residencia para persoas maiores (mini- residencia) dispón das pertinentes autorizacións de creación/ construción.

Realizar a xestión, liquidación, inspección e recadación dos prezos públicos que deban aboar os usuarios dos centros de atención a persoas maiores que participen neste convenio marco e no sistema propugnado, en aplicación do disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

Convidar á representación institucional das administracións participantes aos actos oficiais que se organicen e difundir institucionalmente este sistema cooperativo e municipalista no formato tradicional ou dixital que se estime máis axeitado, en cada caso.

Dar cumprimento a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal que deban utilizarse no desenvolvemento das respectivas actividades as que se comprometen e, especialmente, da utilización dos datos persoais por terceiros de forma non autorizada.

Impulsar a colaboración coas Universidades, centros de ensino e entidades sen ánimo de lucro para un axeitado desenvolvemento destas prestacións sociais.

Coordinar e colaborar cos concellos que aínda non a obtiveran na tramitación e

consecución dos permisos de inicio de actividade a que se refire o artigo 24 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, achegando os medios técnicos, materiais e persoais que se lle requiran.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Os concellos participantes (Castroverde) no sistema comprométense a:

En cumprimento do presente convenio de cooperación o Concello comprométese ao seguinte:

Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos nos apartados precedentes e, en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Efectuar as achegas económicas prevista na cláusula “sexta”.

Establecer, de conformidade ao Artigo 97 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL) ou ben por aqueles procedementos que cada Concello considera axustados ao ordenamento xurídico, o réxime xurídico e a forma de xestión directa deste servizo público con prestacións ás persoas, coa posibilidade de prestacións materias non reservadas á función pública, única e exclusivamente mediante contratos administrativos que non impliquen xestión indirecta. A estes efectos iniciárase o procedemento no prazo máximo de quince días desde que os órganos competentes das administracións partícipes, aproben este convenio marco, dando preferencia a súa tramitación.

Tramitar e someter a aprobación polo órgano que corresponda o regulamentos dos centros e da actividade e os prezos públicos, no prazo máximo de dous meses desde que se aprobe este convenio marco pola Deputación Provincial.

Asumir a coordinación, colaboración e cooperación da Deputación no desenvolvemento



destas prestacións propias dos centros de atención a persoas maiores, principalmente a través dos servizos sociais comunitarios, os cales serán enlace clave entre o cidadán e os servizos de atención a persoas maiores.

Garantir a intervención e control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores e das prestacións que se realicen, mediante instrumentos colexiados de selección paritarios nos que participen os Concellos e a Deputación. O concello será o que resolva administrativamente a selección de usuarios dos respectivos CAM.

Executar as tarefas de colaboración material que se determinen en convenio específico, entre as que se poderán incluír:

Asumir os custos do abastecemento de auga, recollida de lixo e saneamento.

Mantemento de xardíns, limpeza e semellantes.

As tarefas desenvoltas polo Concello, fixarase no convenio específico, valoraranse e teranse en conta á hora de determinar o custo real da prestación do servizo, para determinar as achegas que corresponden a cada entidade sobre o total.

Convidar á representación institucional das administracións participantes aos actos oficiais que se organicen e difundir institucionalmente este sistema cooperativo e municipalista no formato tradicional ou dixital que se estime máis axeitado, facilitando a información de que se dispoña para tal fin.

Dar cumprimento a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal que deban utilizarse no desenvolvemento das respectivas actividades as que se comprometen e, especialmente, da utilización dos datos persoais por terceiros de forma non autorizada.

Impulsar a colaboración coas Universidades, centros de ensino e entidades sen ánimo de lucro para un axeitado desenvolvemento destas prestacións sociais.

Se non tivo lugar aínda, facer as xestións precisas para solicitar os permisos de inicio de actividade a que se refire o artigo 24 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, no prazo máis reducido posible, coa colaboración e coordinación da Deputación, que achegará os medios técnicos, materiais e persoais que se lle requiran.

Colaborar coa Deputación para cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Sobre o Réxime económico.

Para establecer o réxime económico estipulase a seguinte fórmula de cálculo:

“custe efectivo real do servizo-menos prezo efectivamente pagado polos usuarios/ as = diferenza, a financiar polas administracións participantes”.

Achega financeira da Deputación:

A Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre custe efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións:

De 600,00€ por número de prazas do centro e mes para as residencias.

De 300,00€ por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres.

Para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional.

Achega dos Concellos:

Concello sede de centros de atención a persoas maiores, de menos de 5.000 habitantes:



Asumirá o (25%) da diferenza entre custe efectivo real do servizo e o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as.

No caso de que a diferenza entre custe efectivo real do servizo-menos prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, exceda dos importes máximos a pagar pola deputación (600,00 euros por praza e mes de residencia e 300 euros para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello, a diferenza será asumida polo Deputación Provincial, a salvo o indicado no parágrafo c) que segue e apartado 3º desta mesma cláusula.

Respecto do financiamento das prazas que sexan ocupadas por persoas que non estean empadroadas no Concello sede estarase ao determinado nas ordenanzas de acceso e prezo público que se aproben dentro do marco identificado como réxime xurídico que ha de aprobar o Concello de Castroverde; no seu caso tamén a través do correspondente instrumento colaborativo co concello de procedencia (non sede), pero garantindo en todo caso o respecto ao principio de igualdade entre as persoas potenciais usuarias do centro.

As partes asumen o compromiso de reclamar da Xunta de Galicia financiamento para o custe das prazas, en aplicación do artigo 64 bis e concordantes da Lei de servizos sociais de Galicia.

No caso de que exista este financiamento reducirase de xeito porcentual a achega de cada unha das administracións que participen, en cada caso, e incluso a achega do Concello de procedencia previsto na letra c).

As determinacións sobre réxime económico e achegas de Deputación e Concello serán de aplicación aos centros de día e as residencias para maiores coa tipoloxía de “mini-residencias”, conforme a definición establecida actualmente na ORDE do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. É o caso do equipamento residencial de Castroverde.

Sobre o prazo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde a data de ingreso dos usuarios nos centros de atención a maiores (residencias e centros de día).

Desde a súa sinatura este convenio terá unha duración de catro anos.

Dada os fins perseguidos e as prestacións amparadas por este sistema de cooperación as partes poderán acordar, conxunta ou individualmente (entre a Deputación e cada Concello), antes de finalizar o prazo previsto unha única prorroga por un período de ata catro anos adicionais ou ben a súa extinción nos termos do artigo 49 letra h) da LRXSP.

Titularidade e responsabilidade dos resultados da cooperación.

Compartida: precisarase no convenio específico en función da titularidade dos bens adscritos ás prestacións e da colaboración achegada.

O convenio marco substitúe, ao asinado no ano 2011 co Concello de Castroverde singularmente nos aspectos que se vexan directamente afectados; estes convenios entrarán en fase de extinción e liquidación, aplicando a figura do mutuo acordo. Esta determinación cadra coas esixencias fixadas, polo demais, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, segundo se explica no exponendo cuarto do convenio marco.

A idoneidade desta relación interadministrativa (relación público-público) aséntase nestes alicerces:

Prestar de forma eficaz e eficiente, como servizo público, o servizo social comunitario específico en centro residencial para persoas maiores.

Primar criterios de calidade, de economía, de eficiencia e de eficacia na xestión, así como, no uso racional dos recursos públicos tanto económicos, humanos e materiais, mediante mecanismos de economía de escala, facendo uso de técnicas de contratación pública agregada ou conxunta.



Garantir o acceso da veciñanza a un servizo público de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade.

Garantir a dirección, coordinación e participación, dos servizos de atención residencial e os servizo de atención diúrna, con base na función pública das entidades locais implicadas (Deputación e Concello).

Fixar un sistema de prezos públicos acorde coa capacidade económica dos usuarios e homoxéneo para todo o territorio.

Determinar a opción da xestión directa.

Aténdese a certificación do acordo adoptado polo concello de Castroverde, aprobando o convenio marco de referencia e os antecedentes e información incorporados ao expediente.

Todas as referencias a Concellos contidas tanto nesta proposta como na documentación do expediente relativo a relación bilateral público-público debe entenderse referida ao concello de Castroverde co que se aproba o convenio marco.

Por canto vai dito e en atención ao informado polos distintos servizos, elevo a Xunta de Goberno a seguinte proposta.

1º.- Aprobar o texto do convenio aprobado polo Concello-Pleno de Castroverde o 13 de novembro de 2019, incorporado ao expediente, convenio marco interadministrativo de cooperación, como acción colaborativa prestacional bilateral e horizontal (público-público), para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores, co concello de Castroverde.

2º.- Impulsar a liquidación do convenio asinado entre a Deputación e o Concello de Castroverde, na data do 15-03-2011, ao que substitúe este convenio marco interadministrativo de cooperación.

3º.- Demandar da Xunta de Galicia a colaboración necesaria para a execución da actividade prestacional de atención a persoas maiores no centro de Castroverde, en especial ao abeiro do Artigo 64 bis da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/ OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro: *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á subministración de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil, en execución da resolución da Presidencia de data 28/11/2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe de data 10/12/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasládóronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Solvinsa XXIII, S.L.	1000130	19/11/2018	27/11/2018	31.576	682,44 €	Subministración no mes de novembro do 2018, de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil.
Solvinsa XXIII, S.L.	1000211	21/01/2019	15/02/2019	3.171	682,44 €	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil.
TOTAL					1.364,88 €	

Visto que consta:



As propias facturas con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia do Parque Móbil, de data 12/12/2018, no caso da primeira factura, e de data 01/03/2019 no caso da segunda factura, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas ditas facturas polo naquelas datas Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 27/06/2019, polo representante de Solvinsa XXIII, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas (de data 28/05/2019 no caso da factura Nº 1000130, e de data 01/03/2019 no caso da factura Nº 1000211), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe do Parque Móbil.

Informes do Parque Móbil, de datas 28/05/2019 e 22/10/2019, o primeiro deles en relación coa necesidade de realización das prestacións, e o segundo, en relación ó gasto anual estimado de champú.

Informe – Proposta deste Servizo, de data 23/10/2019, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións incluídas nas facturas por parte do Órgano de Contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 29/10/2019, en relación coa existencia de crédito dispoñible no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 18/9201.22111, para a factura Nº 1000130.

Resolución da Presidencia, de data 28/11/2019, levantando o reparo de Intervención ás dúas facturas e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 26/11/2019, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas dos anos 2018 e 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas dos anos 2018 e 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa SOLVinsa, XXIII, S.L., que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
1000130	19/11/18	682,44	9201.22111	92019/10649
1000211	21/01/19	682,44	9201.22111	92019/2559
	SUMA	1.364,88		

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

En relación ós gastos realizados no exercicio 2018, existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que



non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.364,88 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 7 de novembro do 2019, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
SOLVinsa XXIII, S.L.	1000130	19/11/18	682,44	9201.22111
SOLVinsa XXIII, S.L.	1000211	21/01/19	682,44	9201.22111
SUMA			1.364,88	

Procede informar:



Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 7 de novembro do 2019.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que o subministro era urxente para poder manter os vehículos en bo estado, foi necesario validar as facturas.

O período do aludido subministro foi de novembro de 2018 e xaneiro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.364,88 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponden ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

No citado informe proposta deste Servizo de data 23/10/2019, faise referencia á proposta de inicio de expediente de contratación do Parque Móbil, de data 13/09/2019, para a subministración de materiais diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, dividido en 8 lotes (correspondendo o Lote Nº 5 a material de limpeza, que inclúe champú para a limpeza de carrocerías de vehículos).

De modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.



A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden cun procedemento de licitación que todavía non se tiña iniciado nas datas de realización de ditas prestacións, pero cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas (referente á factura nº 1000130), e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018 (no caso da factura Nº 1000130) e no exercicio orzamentario 2019 (no caso da factura Nº 1000211), e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministracións, o recoñecemento

das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Solvinsa XXIII, S.L.	1000130	19/11/2018	Subministración no mes de novembro do 2018, de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil.	682,44 €
Solvinsa XXIII, S.L.	1000211	21/01/2019	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil.	682,44 €
TOTAL				1.364,88 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministracións, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Solvinsa XXIII, S.L., por un importe total de 1.364,88 €:

Nº 1000130 de data 19/11/2018, correspondente á subministración no mes de novembro do 2018, de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil, dun importe total de 682,44 €.

Nº 1000211 de data 21/01/2019, correspondente á subministración no mes de xaneiro do 2019, de champú para a limpeza de vehículos do Parque Móbil, dun importe total de 682,44 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Segundo: *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á subministración de pezas e materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos do Parque Móbil, en execución da resolución da Presidencia de data 03/12/2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 10/12/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA	REXISTRO XERAL		CONCEPTO	IMPORTE
			DATA ENTRADA	NÚMERO		
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22006	31/12/18	07/01/2019	282	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación dun camión cisterna do Parque Móbil (manguera, casquillos e rosca).	71,46 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1747	31/01/19	05/02/2019	2.305	Subministración de pezas no mes de xaneiro de 2019 para a reparación e mantemento do pisión nº 9 do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible).	11,91 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1751	31/01/19	05/02/2019	2.303	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento dunha retroexcavadora do Parque Móbil (casquillos, mangueras).	36,53 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1752	31/01/19	05/02/2019	2.312	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento do pisión nº 7 do Parque Móbil (manecilla estándar).	32,29 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1753	31/01/19	05/02/2019	2.313	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento dunha motoniveladora do Parque Móbil (manguera, casquillos, codos tuerca, rtg).	54,33 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1755	31/01/19	05/02/2019	2.300	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil (codos intermedios).	32,04 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1918	31/01/19	06/02/2019	2.428	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil (bridas e rollos de cinta adhesiva).	6,92 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3597	28/02/19	08/03/2019	5.283	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (escobillas).	25,24 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3598	28/02/19	08/03/2019	5.282	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun tractor (kit de embrague).	596,12 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3765	28/02/19	08/03/2019	5.273	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (correa).	6,76 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3766	28/02/19	08/03/2019	5.274	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (correa).	6,76 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9640	31/05/19	06/06/2019	13.433	Subministración no mes de maio do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (zapatas, retén e fixador resistencia).	114,22 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9643	31/05/19	06/06/2019	13.333	Subministración no mes de maio do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (cuchilla niveladora).	120,88 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9644	31/05/19	06/06/2019	13.334	Subministración no mes de maio do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (empaquetadora e cable acelerador).	34,32 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9648	31/05/19	06/06/2019	13.338	Subministración no mes de maio do 2019, de materiais para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (lámparas).	37,80 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-11643	30/06/19	03/07/2019	15.815	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (ruletas).	24,56 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-11860	30/06/19	05/07/2019	16.095	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil.	5,22 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13721	31/07/19	06/08/2019	17.877	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (faldón pvc, cadeas zincada, piloto traseiro dereito, cinta adhesiva, algodón cores, faldillas e válvula de bola).	222,29 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13722	31/07/19	06/08/2019	17.847	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (piloto traseiro dereito, e mecha estopada calórica).	99,84 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13723	31/07/19	06/08/2019	17.846	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (tubo de silicona e abrazadeiras).	17,44 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13724	31/07/19	06/08/2019	17.845	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (vaso 12 caras).	14,98 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13725	31/07/19	06/08/2019	17.878	Subministración de pezas no mes de xullo do 2019, para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (casquillos, mangueras, rtg).	45,53 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13726	31/07/19	06/08/2019	17.873	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (casquillos, rosas gas asientos e mangueras).	33,50 €

RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13727	31/07/19	06/08/2019	17.876	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible, silenciador escape, válvula reguladora frenada función carga).	588,17 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13728	31/07/19	06/08/2019	17.875	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (rotativo infinity plus magnético led).	25,41 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13729	31/07/19	06/08/2019	17.838	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (rosca métrica, casquillos, tubo rosca gas cilíndrico e manguera).	50,65 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13730	31/07/19	06/08/2019	17.840	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (arandelas e tapóns).	10,01 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13731	31/07/19	06/08/2019	17.841	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento do pión nº 9 do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible).	16,96 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13732	31/07/19	06/08/2019	17.843	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (soportes e abrazadeiras).	612,38 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13733	31/07/19	06/08/2019	17.844	Subministración de pezas no mes de xullo do 2019, para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (lámparas dun filamento).	19,97 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22005	31/12/18	07/01/2019	283	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dunha motoniveladora do Parque Móbil (codos giratorios, casquillos, roscos asientos e mangueras).	63,27 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22011	31/12/18	07/01/2019	277	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do pión nº 9 do Parque Móbil (vaso purificador e manillas con chave).	62,59 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22012	31/12/18	07/01/2019	276	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (pomo da palanca de cambios).	93,78 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22013	31/12/18	07/01/2019	275	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do Pión Nº 9 do Parque Móbil (casquillos, manguera, enchufe e rosca métrica).	25,88 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22152	31/12/18	08/01/2019	471	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil.	9,26 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22230	31/12/18	08/01/2019	470	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dunha pala de rodas do Parque Móbil (réflex).	2,38 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1754	31/01/19	05/02/2019	2.314	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (N-gage de tres vías con bloqueo de posición).	101,64 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1758	31/01/19	05/02/2019	2.296	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (piloto gálibo 90º bombilla).	19,87 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1759	31/01/19	05/02/2019	2.311	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (amortiguadores).	232,32 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1760	31/01/19	05/02/2019	2.308	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (zapatas, reténs e rodillo).	416,32 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1761	31/01/19	05/02/2019	2.310	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (aro de goma).	23,35 €
SUMA						4.025,15 €

Visto que consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia do Parque Móbil de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial da anterior corporación provincial, ou pola Presidencia actual.

Declaración responsable asinada en data 31/07/2019, polo representante de Recambios Infra, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe do Parque Móbil.



Dous informes- proposta deste Servizo, ambos de data 23/10/2019, nos que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións incluídas nas facturas relacionadas, por parte do órgano de contratación.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas correspondentes ás facturas Nº 2018-M-22006, Nº 2018-M-22005, 2018-M-22011, 2018-M-22012, 2018-M-22013, 2018-M-22152, e 2018-M-22230, en relación coa existencia de crédito dispoñible no exercicio de referencia.

Resolución da Presidencia, de data 03/12/2019, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas dos anos 2018 e 2019, con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 28/11/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas dos anos 2018 e 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas, da empresa Recambios Infra, S.L., que se detallan na relación contable nº Q/2019/105, que se achega, por importe de 4.025,15 €.

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

En relación ós gastos realizados no exercicio 2018, existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación contable nº Q/2019/105, que se acompaña, polo importe total de 4.025,15 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a



verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

Informe da unidade xestora, relativo ao informe de intervención de data 7 de novembro do 2019, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22006	31/12/18	71,46 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1747	31/01/19	11,91 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1751	31/01/19	36,53 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1752	31/01/19	32,29 €	9201.213

RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1753	31/01/19	54,33 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1755	31/01/19	32,04 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1918	31/01/19	6,92 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3597	28/02/19	25,24 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3598	28/02/19	596,12 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3765	28/02/19	6,76 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3766	28/02/19	6,76 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9640	31/05/19	114,22 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9643	31/05/19	120,88 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9644	31/05/19	34,32 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9648	31/05/19	37,80 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-11643	30/06/19	24,56 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-11860	30/06/19	5,22 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13721	31/07/19	222,29 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13722	31/07/19	99,84 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13723	31/07/19	17,44 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13724	31/07/19	14,98 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13725	31/07/19	45,53 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13726	31/07/19	33,50 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13727	31/07/19	588,17 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13728	31/07/19	25,41 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13729	31/07/19	50,65 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13730	31/07/19	10,01 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13731	31/07/19	16,96 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13732	31/07/19	612,38 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13733	31/07/19	19,97 €	9201.22111
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22005	31/12/18	63,27 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22011	31/12/18	62,59 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22012	31/12/18	93,78 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22013	31/12/18	25,88 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22152	31/12/18	9,26 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22230	31/12/18	2,38 €	9201.213
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1754	31/01/19	101,64 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1758	31/01/19	19,87 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1759	31/01/19	232,32 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1760	31/01/19	416,32 €	9201.214
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1761	31/01/19	23,35 €	9201.214
SUMA			4.025,15 €	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 7 de novembro do 2019.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que o subministro era urxente para poder manter os vehículos en bo estado, foi necesario validar as facturas.



O período de realización do aludido subministro foi de decembro do 2018, xaneiro, febreiro, maio, xuño e xullo de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 4.025,15 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

No citados informes- proposta deste Servizo de data 23/10/2019, faise referencia á proposta de inicio de expediente de contratación do Parque Móbil, de data 13/09/2019, para a subministración de materiais diversos para o mantemento e reparacións dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil (EXP0027SU19-ABO), dividido en 8 lotes, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo.

E producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden cun procedemento de licitación



que todavía non se tiña iniciado nas datas de realización de ditas prestacións, pero cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno.

Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas (referentes ás facturas N° 2018-M-22006, N° 2018-M-22005, 2018-M-22011, 2018-M-22012, 2018-M-22013, 2018-M-22152, e 2018-M-22230), e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados nos exercicios orzamentarios de 2018 e 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministracións, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22006	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación dun camión cisterna do Parque Móbil (manguera, casquillos e rosca).	71,46 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1747	31/01/19	Subministración de pezas no mes de xaneiro de 2019 para a reparación e mantemento do pisón nº 9 do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible).	11,91 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1751	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento dunha retroexcavadora do Parque Móbil (casquillos, mangueras).	36,53 €

RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1752	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento do pisión nº 7 do Parque Móbil (manecilla estándar).	32,29 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1753	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento dunha motoniveladora do Parque Móbil (manguera, casquillos, codos tuerca, rtg).	54,33 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1755	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil (codos intermedios).	32,04 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1918	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil (bridas e rollos de cinta adhesiva).	6,92 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3597	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (escobillas).	25,24 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3598	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun tractor (kit de embrague).	596,12 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3765	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (correa).	6,76 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-3766	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (correa).	6,76 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9640	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (zapatas, retén e fixador resistencia).	114,22 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9643	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (cuchilla niveladora).	120,88 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9644	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (empaquetadora e cable acelerador).	34,32 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-9648	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de materiais para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (lámparas).	37,80 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-11643	30/06/19	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (ruletas).	24,56 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-11860	30/06/19	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil.	5,22 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13721	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (faldón pvc, cadeas zincada, piloto traseiro dereito, cinta adhesiva, algodón cores, faldillas e válvula de bola).	222,29 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13722	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (piloto traseiro dereito, e mecha estopada calórica).	99,84 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13723	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (tubo de silicona e abrazadeiras).	17,44 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13724	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (vaso 12 caras).	14,98 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13725	31/07/19	Subministración de pezas no mes de xullo do 2019, para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (casquillos, mangueras, rtg).	45,53 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13726	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (casquillos, roscas gas asientos e mangueras).	33,50 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13727	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible, silenciador escape, válvula reguladora frenada función carga).	588,17 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13728	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (rotativo infinity plus magnético led).	25,41 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13729	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (rosca métrica, casquillos, tubo rosca gas cilíndrico e manguera).	50,65 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13730	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (arandelas e tapóns).	10,01 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13731	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento do pisión nº 9 do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible).	16,96 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13732	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (soportes e abrazadeiras).	612,38 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-13733	31/07/19	Subministración de pezas no mes de xullo do 2019, para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (lámparas dun filamento).	19,97 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22005	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dunha motoniveladora do Parque Móbil (codos giratorios, casquillos, roscos asientos e mangueras).	63,27 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22011	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do pisión nº 9 do Parque Móbil (vaso purificador e manillas con chave).	62,59 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22012	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (pomo da palanca de cambios).	93,78 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22013	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do Pisión Nº 9 do Parque Móbil (casquillos, manguera, enchufe e rosca métrica).	25,88 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22152	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil.	9,26 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2018-M-22230	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dunha pala de rodas do Parque Móbil (réflex).	2,38 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1754	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (N-gage de tres vías con bloqueo de posición).	101,64 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1758	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (piloto gálibo 90º bombilla).	19,87 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1759	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (amortiguadores).	232,32 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1760	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (zapatas, reténs e rodillo).	416,32 €
RECAMBIOS INFRA, S.L.	2019-M-1761	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (aro de goma).	23,35 €
SUMA				4.025,15 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”



Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Recambios Infra, S.L., por un importe total de 4.025,15 €:

Nº FACTURA	DATA	CONCEPTO	IMPORTE
2018-M-22006	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación dun camión cisterna do Parque Móbil (manguera, casquillos e rosca).	71,46 €
2019-M-1747	31/01/19	Subministración de pezas no mes de xaneiro de 2019 para a reparación e mantemento do pisón nº 9 do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible).	11,91 €
2019-M-1751	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento dunha retroexcavadora do Parque Móbil (casquillos, mangueras).	36,53 €
2019-M-1752	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento do pisón nº 7 do Parque Móbil (manecilla estándar).	32,29 €
2019-M-1753	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019 de pezas para a reparación e mantemento dunha motoniveladora do Parque Móbil (manguera, casquillos, codos tuerca, rtg).	54,33 €
2019-M-1755	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil (codos intermedios).	32,04 €
2019-M-1918	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil (bridas e rolos de cinta adhesiva).	6,92 €
2019-M-3597	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (escobillas).	25,24 €
2019-M-3598	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun tractor (kit de embrague).	596,12 €
2019-M-3765	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (correa).	6,76 €
2019-M-3766	28/02/19	Subministración no mes de febreiro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (correa).	6,76 €
2019-M-9640	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (zapatas, retén e fixador resistencia).	114,22 €
2019-M-9643	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (cuchilla niveladora).	120,88 €
2019-M-9644	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (empaquetadora e cable acelerador).	34,32 €
2019-M-9648	31/05/19	Subministración no mes de maio do 2019, de materiais para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (lámparas).	37,80 €
2019-M-11643	30/06/19	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (ruletas).	24,56 €
2019-M-11860	30/06/19	Subministración no mes de xuño do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil.	5,22 €
2019-M-13721	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (faldón pvc, cadeas zincada, piloto traseiro dereito, cinta adhesiva, algodón cores, faldillas e válvula de bola).	222,29 €
2019-M-13722	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (piloto traseiro dereito, e mecha estopada calórica).	99,84 €
2019-M-13723	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (tubo de silicona e abrazadeiras).	17,44 €
2019-M-13724	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (vaso 12 caras).	14,98 €
2019-M-13725	31/07/19	Subministración de pezas no mes de xullo do 2019, para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (casquillos, mangueras, rtg).	45,53 €
2019-M-13726	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (casquillos, roscas gas asientos e mangueras).	33,50 €
2019-M-13727	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible, silenciador escape, válvula reguladora frenada función carga).	588,17 €
2019-M-13728	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (rotativo infinity plus magnético led).	25,41 €
2019-M-13729	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (rosca métrica, casquillos, tubo rosca gas cilíndrico e manguera).	50,65 €
2019-M-13730	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (arandelas e tapóns).	10,01 €
2019-M-13731	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento do pisón nº 9 do Parque Móbil (filtros de aceite e combustible).	16,96 €
2019-M-13732	31/07/19	Subministración no mes de xullo do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (soportes e abrazadeiras).	612,38 €
2019-M-13733	31/07/19	Subministración de pezas no mes de xullo do 2019, para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria do Parque Móbil (lámparas dun filamento).	19,97 €
2018-M-22005	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dunha motoniveladora do Parque Móbil (codos giratorios, casquillos, roscas asientos e mangueras).	63,27 €
2018-M-22011	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do pisón nº 9 do Parque Móbil (vaso purificador e manillas con chave).	62,59 €
2018-M-22012	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (pomo da palanca de cambios).	93,78 €
2018-M-22013	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento do Pisón nº 9 do Parque Móbil (casquillos, manguera, enchufe e rosca métrica).	25,88 €
2018-M-22152	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento de maquinaria do Parque Móbil.	9,26 €
2018-M-22230	31/12/18	Subministración no mes de decembro do 2018, de pezas para a reparación e mantemento dunha pala de rodas do Parque Móbil (réflex).	2,38 €
2019-M-1754	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (N-gage de tres vías con bloqueo de posición).	101,64 €

2019-M-1758	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (piloto gálibo 90º bombilla).	19,87 €
2019-M-1759	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun camión do Parque Móbil (amortiguadores).	232,32 €
2019-M-1760	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (zapatas, reténs e rodillo).	416,32 €
2019-M-1761	31/01/19	Subministración no mes de xaneiro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil (aro de goma).	23,35 €
TOTAL			4.025,15 €

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA AO CUMPRIMENTO DOS CONDICIONAMENTOS DA LOCALIZACIÓN FÍSICA, DEPORTIVA E SOCIAL DO CLUB BREOGAN, S.A.D. NA CONCESIÓN DEMANIAL SOBRE O PAZO DOS DEPORTES.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“O Pleno da Deputación Provincial de Lugo con data 29 de maio de 2018 acordou o outorgamento dunha concesión demanial sobre o Pazo dos Deportes. Ben de titularidade provincial con nº de referencia catastral 8610701PH1681S0001FG, inscrito no número 29, folio 105 do libro de inventario desta Entidade.

Con data 6 de xuño de 2018, o Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Presidente do Consello de Administración do Club Baloncesto Breogán SAD, asinan o documento da Concesión Demanial.

Esta concesión foi outorgada e condicionada co cumprimento, entre outros, de determinados extremos subxetivos os que quedaba obrigado o concesionario:

“O mantemento das condicións en virtude das que se outorga esta concesión e o peso que ten o seu recoñecemento para participar na liga ACB.



A permanencia no seu accionario de capital orixinario e(ou vinculado a esta provincia de Lugo e que representen unha maioría do capital social da SAD e para cuxos efectos o club remitirá un certificado da composición e porcentaxe do seu accionariado á data da sinatura da formalización da concesión que servirá de comparativa para as seguintes anualidades.

A non deslocalización física do Club.

En caso de incumprimento dalgunha das condicións, ou en caso da alteración, aparición ou concorrencia de situacións distintas das valoradas procedería replantexamento, o uso, modalidade, condicións e tempos presentes significando unha modificación substancial das condicións da concesión”.

O Club Baloncesto Breogán SAD, remitiu a documentación xustificativa do cumprimento dos devanditos extremos subxetivos a que quedaban obrigados coa concesión demanial.

Por todo elo, vistos os informes dos Servizos desta Entidade, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Dar por cumpridos os extremos subxetivos relativos ós condicionamentos da localización física, deportiva e social do Club Breogan S.A.D.”.

Tendo en conta que polo Sr. Interventor Adxunto, con data 10 de decembro de 2019, infórmase favorablemente a tramitación do expediente coa condición de aclarar e acreditar a observación realizada sobre o contido das pólizas de aseguramento, segundo establece a cláusula 8.3ª da Concesión Demanial.

Polo Sr. Secretario Xeral Adxunto, con data 13 de decembro de 2019 emítase informe aclarando que as condicións requiridas na cláusula 8.3ª da Concesión Demanial referente ás pólizas de aseguramento, se cumpren a data 13 de decembro de 2019.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MODELO DE COMODATO A ASINAR ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O MUSEO DO PRADO PARA PARTICIPAR NAS CELEBRACIÓNS DO BICENTENARIO DA FUNDACIÓN DA PINACOTECA NACIONAL DO PRADO DE MADRID.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concretamente o artigo 32 no que se di que:

“A Provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular:

a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

b) Participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e coa do Estado.

O goberno e a administración autónoma da Provincia corresponden á Diputación

(...)”.

Tendo en conta o artigo 34 da mesma Lei onde se dí que: “Corresponde en todo caso ao Presidente da Deputación:



a) Dirixir o goberno e a administración da provincia.

b) Representar á Diputación (...)

Visto o informe emitido pola xefa do servizo de Cultura e Turismo acerca da natureza do Comodato e de acordo coas indicacións recibidas pola deputada delegada de Turismo.

Vistos o informe da Sección de Patrimonio, a deputada delegada de Turismo, propón, a aprobación, se procede, pola Xunta de Goberno do modelo de comodato a asinar entre a Deputación de Lugo e o Museo do Prado para participar nas celebracións do Bicentenario da fundación da pinacoteca nacional, a través do que a Deputación de Lugo (comodante) ten interese en prestar gratuitamente ao Museo do Prado un árbol, cuxas características figuran descritas no anexo I que se acompaña, para a súa instalación temporal na terraza da Porta Goya do edificio Villanueva durante as festas de Navidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta do Decreto número 69/19 de 10 de xullo, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 290/2018, seguido a instancia de Dona María Mosquera Álvarez, fronte a esta Entidade, pola resolución de data 28 de xuño pola que se desestima o recurso de reposición interposto fronte á liquidación tributaria do IBI do inmovible, correspondente aos exercicios 2012 a 2015; e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: *“Tener por desistido al recurrente María Mosquera Álvarez, declarando la terminación de este procedimiento”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segundo.- Dáse conta do Decreto número 74/19 de 16 de setembro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 136/2019-A, seguido a

instancia de TECNOTEL CONTROL, S.L., fronte a esta Entidade, pola desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos no vehículo debido a un accidente de circulación na LU-P-411 de Santa Mariña a Guitara; e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: *“Tener por desistido al recurrente TECNOTEL CONTROL, S.L., declarando la terminación de este procedimiento”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

Tercero.- Dáse conta da Senteza número 260/2019 de 27 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 179/2018-C, seguido a instancia de MGS Seguros y Reaseguros, S.A., contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611 (P.K. 62,5), en sentido ascendente, debido á irrupción dun corzo na estrada; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de la entidad aseguradora MGS Seguros y Reaseguros, S.A., frente a la Diputación Provincial de Lugo contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento y en consecuencia, condeno a la Administración demandada a abonar a la recurrente la suma de 893,94 euros, suma que se incrementará con los intereses legales devengados desde el 7-12-2017, sin que proceda efectuar un especial pronunciamiento en costas”*.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia do seguro que ten contratado esta Deputación.

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.